

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA CORPORACIÓN MUNICIPAL EN PLENO DESTE CONCELLO O DÍA VINTE E SEIS DE XULLO DE DOUS MIL ONCE : - - - - -

=====

PRESIDENTA:

D^a. Catalina González Bea

CONCELLEIROS/AS:

- D^a M^a Paz Lago Martínez
- D. Salvador Durán Bermúdez
- D^a M^a Isabel González Domínguez
- D. Marcos Guisasola Padín
- D^a María Deza Martínez
- D. Constantino Sanmartín Quiñones
- D^a Almudena Aguín Fernández
- D. Gonzalo Gonzalo Pita
- D^a M^a Cruz Barbeito Barreiro
- D. Francisco Villaverde Otero
- D^a M^a Dulcinea Aguín Pombo
- D. José Buezas Méndez
- D^a Vanesa Rodríguez Maneiro
- D. David Otero Domínguez
- D. José-Luis Rodríguez Lorenzo

NON ASISTE:

D^a Sandra Fernández Agraso

INTERVENTOR:

D. José-Juan Vidal Vilanova

SECRETARIO :

D. Ángel Luís López Pita.

=====

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Sanxenxo, sendo as vinte horas e trinta minutos do día vinte e seis de xullo de dous mil once, **baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa D^a. CATALINA GONZÁLEZ BEA,** reuníronse os/as Sres/as. Concelleiros/as que ao marxe se relacionan co fin de celebrar a sesión ordinaria da Corporación Municipal en Pleno deste Concello, convocada para o día de hoxe en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión desculpando a ausencia da concelleira D^a Sandra Fernández Agraso polo falecemento dun familiar, facendo constar en acta o pésame en nome da Corporación por tal feito.-----

A) PARTE DISPOSITIVA

1º) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN REALIZADA O DÍA 27 DE XUÑO DE 2011 : Pola **Sra. Presidenta** pregúntaselle aos asistentes á sesión se teñen que formular algunha observación a acta que se somete a aprobación.

Ao non se formular ningunha observación, **apróbase a referenciada acta por unanimidade dos membros presentes do Pleno da Corporación.**-----

2º) TOMA DE POSESIÓN DA CONCELLEIRA ELECTA DO P.S.de G. -P.S.O.E., Dª VANESA RODRÍGUEZ MANEIRO. Polo **Sr. Secretario** faise constar que **Dª. VANESA RODRÍGUEZ MANEIRO**, unha vez recibida no Concello a súa credencial de concelleira electa, presentou a declaración de intereses e actividades e causas de posible incompatibilidade.

Dado que o artigo 108.8 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral sinala literalmente que: *“No momento de tomar posesión e para adquirir a plena condición dos seus cargos, os candidatos electos deben xurar ou prometer acatamento á Constitución, así como cumprir os demais requisitos previstos nas leis ou regulamentos respectivos”*, a **Sra. Rodríguez Maneiro**, utilizando a fórmula de xuramento prevista no artigo 1 do Real Decreto 707/1979, do 5 de abril, tomou posesión do cargo de concelleira do **Concello de Sanxenxo** ante a **Sra. Presidenta.**-----

3º) DESIGNACIÓN DE DÍAS FESTIVOS LOCAIS PARA O ANO 2012 : O **Sr. Secretario** dá conta do ditame emitido sobre este asunto pola Comisión de Estudo, Informe ou Consulta de Asuntos Xerais de 21 de Xullo de 2011.

Ao non producirse intervencións a **Sra. Presidenta** someteu o ditame a votación, na que, por unanimidade de todos os membros presentes da Corporación, resultou aprobado, adoptándose o seguinte acordo :

“””””Designar como días festivos no Concello de Sanxenxo para o ano 2012 o 09 de Abril (Luns de Pascua) e o 04 de Setembro (Sta. Rosalía) ”””””.-----

4º) PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA DESIGNACIÓN DOS REPRESENTANTES DO CONCELLO DE SANXENXO NA XUNTA XERAL DA SOCIEDADE MERCANTIL “TURISMO DE SANXENXO, SL” : O **Sr. Secretario** dá lectura á proposta da **Alcaldía** sobre este asunto, informado que se tramitaba ao abeiro do disposto no art. 82.3 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aprobou o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, polo que procedía ratificar a inclusión deste asunto na orde do día, o que, na votación que se produciu a continuación, fixo o Pleno da Corporación Municipal, por unanimidade dos/as concelleiros/as asistentes á sesión.

Ao non producirse intervencións a **Sra. Presidenta** someteu a proposta a votación na que, por unanimidade de todos os membros presentes da Corporación, resultou aprobada, adoptándose o seguinte acordo :

“”””**Nomear** como **representantes do Concello de Sanxenxo na Xunta Xeral** da sociedade mercantil “**Turismo de Sanxenxo, SL**” aos seguintes concelleiros/as:

1º) **Dª Catalina González Bea**, con DNI nº 35.304.993-Q, concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular, Alcaldesa do concello e, polo tanto, Presidenta da Xunta Xeral.

2º) **Dª Mª Paz Lago Martínez**, con DNI nº 76.821.740-S, concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular.

3º) **D. Salvador Durán Bermúdez**, con DNI nº 35.302.347-S, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular.

4º) **D. Marcos Guisasola Padín**, con DNI nº 76.815.847-X, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular.

5º) **D. Constantino Sanmartín Quiñones**, con DNI nº 35.314.083-K, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular.

6º) **Dª Almudena Aguiñ Fernández**, con DNI nº 76.824.750-N, concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular.

7º) **D. José-Luis Rodríguez Lorenzo**, con DNI nº 35.243.710-M, concelleiro do Grupo Municipal Mixto.

8º) **D. Gonzalo Gonzalo Pita**, con DNI nº 35.315.219-F, concelleiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal.

9º) **D. José Buezas Méndez**, con DNI nº 35.418.936-V, concelleiro do Grupo Municipal Socialista.

10º) **D. David Otero Domínguez**, con DNI nº 76.815.016-F, concelleiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego.

A relación anterior é de dez concelleiros/as que forman parte do Pleno da Corporación Municipal do Concello de Sanxenxo e os primeiros sete da lista pertencen aos grupos políticos (Grupo Municipal do PP e Grupo Municipal Mixto) que nesta data conforman o goberno local, dando cumprimento ao sinalado no artigo 7.5 dos Estatutos da sociedade mercantil “Turismo de Sanxenxo””””” ..-----

5º) PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA DESIGNACIÓN DOS REPRESENTANTES DO CONCELLO DE SANXENXO NA MESA LOCAL DE COMERCIO : O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da Comisión de Estudo, Informe ou Consulta de Asuntos Xerais de 21 de Xullo de 2011 sobre esta proposta.

O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do BNG**, agradeceu aos grupos políticos que apoiaron a proposta que o incluía como membro deste novidoso órgano, no que tamén figura un representante da Xunta de Galicia, do que esperaba implicación cara aos importantes asuntos que deberían tratarse como os mercados de abastos e a construción dunha nova praza.

A **Sra. Aguín Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, dixo que cambiaban o sentido do voto con respecto ao emitido na Comisión Informativa, posto que ían apoiar a proposta, esperando que o traballo no novo órgano sexa frutífero.

A **Sra. Alcaldesa** indicou que os membros da Mesa incorporábanse para traballar nos diversos obxectivos da mesma, como a construción do mercado.

Finalizado o debate, a **Sra. Presidenta** someteu a proposta a votación que foi aprobada pola unanimidade dos membros da Corporación presentes e, en consecuencia, o Pleno da Corporación adoptou o seguinte acordo :

“”””Designar como **representantes do Concello de Sanxenxo na Mesa Local do Comercio** a:

- **D. SALVADOR DURÁN BERMÚDEZ**
- **D. MARCOS GUIASOLA PADÍN**
- **Dª ALMUDENA AGUÍN FERNÁNDEZ**
- **D. DAVID OTERO DOMINGUEZ** ””””””-----

6º) PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DEFINITIVA DO REGULAMENTO DO SERVIZO PÚBLICO DE TRANSPORTE DE VIAXEIROS EN AUTOMÓBILES LIXEIROS DE ALUGUER CON CONDUTOR (AUTO-TAXI) : O **Sr. Secretario** dá conta do ditame favorable da Comisión de Estudo, Informe ou Consulta de Asuntos Xerais de 21 de Xullo de 2011 sobre esta proposta.

O **Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal Sanxenxo Agrupación Liberal**, sinalou que, aínda que en Comisión se abstiveron, analizando mellor o asunto, consideraron positivo que os taxis dispoñan dun regulamento, polo que votaran a favor da proposta, tendo en conta, tamén, que está pendente unha nova regulamentación estatal.

A **Sra. Aguín Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, dixo que no seu día abstivéronse porque non coñecían o sentir do sector e, agora que sabían que a maioría estaban de acordo, votarían a favor, aínda que algúns sexan remisos a adaptarse aos novos tempos.

O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do BNG**, logo de precisar que votaría a favor da proposta, indicou que, entendendo o regulamento necesario e beneficioso, sempre que se cumpra, tamén é esixente, con unha entidade propia dunha gran cidade e non dun concello como Sanxenxo e que supoñería un importante desembolso para o sector. Engadiu que, as veces, é positivo que se faga unha autorregulación sen tanta intervención do concello.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Mixto**, anunciou que mantería o seu voto favorable e aludiu a dificultade da autorregulación, engadindo que, no seu día, os taxistas reuníronse e apoiaron o regulamento, aínda que a consecución da unanimidade é moi difícil e que esperaba que con esta norma se mellorase o servizo.

A **Sra. Alcaldesa** agradeceu o apoio de todos os grupos políticos a proposta e aos taxistas pola súa participación na redacción do regulamento.

Finalizado o debate, a **Sra. Presidenta** someteu a proposta a votación que foi aprobada pola unanimidade dos membros da Corporación presentes e, en consecuencia, o Pleno da Corporación adoptou o seguinte acordo :

“””PRIMEIRO: desestimar todas as **alegacións** presentadas por **D. Ricardo Hervés Romero** mediante escrito rexistrado de entrada no concello co número 3599, **agás á referente ao artigo 59.1.f)**, que se estima parcialmente no senso de engadir ao devandito artigo o seguinte texto:
“”...agás que se trate dos servizos excepcionais previstos no artigo 20 da Lei 6/1996, do 9 de xullo, de coordinación dos servizos de transportes urbanos e interurbanos por estrada de Galicia e 126 e 127 do RD 1211/90, do 28 de setembro, que aproba o regulamento da Lei de Ordenación de Transportes Terrestres.””

SEGUNDO: estimar as **alegacións** formuladas por **D. José Crespo Boulosa**, mediante escrito rexistrado de entrada neste concello co número 3662, aos **artigos 21.2, 52.3 e 58.**

TERCEIRO: estimar as **alegacións** formuladas por **D. José Crespo Boulosa**, mediante escrito rexistrado de entrada neste Concello co número 3662, aos seguintes artigos:

- **Artigo 15**, no sentido de cambiar os quince días consecutivos e corenta alternos por **“trinta días consecutivos e sesenta alternos”**.

- **Artigo 20 apartado 3**, incluír como trámite previo á resolución do expediente a **“audiencia ao interesado”**.

- **Artigo 26.8**, substitúese a redacción anterior pola seguinte:

“”Durante a prestación do servizo o titular da licenza de taxi e, no seu caso, o condutor, deberán levar perfectamente visible para o usuario o carné municipal de condutor de licenza de taxi expedido polo concello.””

- **Artigo 38 apartado c**, substitúese a redacción anterior pola seguinte:

“”Durante a prestación do servizo o titular da licenza de taxi e, no seu caso, o condutor, deberán levar perfectamente visible para o usuario o carné municipal de condutor de licenza de taxi expedido polo concello.””

CUARTO: aprobar definitivamente o REGULAMENTO DO SERVIZO PÚBLICO DE TRANSPORTE DE VIAXEIROS EN AUTOMÓBILES LIXEIROS DE ALUGUER CON CONDUCTOR (AUTO-TAXI) do Concello de Sanxenxo co texto do regulamento aprobado inicialmente polo Pleno o 28 de marzo de 2011 coas modificacións resultantes das alegacións estimadas que figuran nos puntos primeiro e terceiro deste acordo.

QUINTO: ordenar a publicación do texto íntegro deste regulamento no Boletín Oficial da Provincia, entrando en vigor unha vez realizada esta publicación e transcorridos os prazos establecidos no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de Bases de Réxime Local”””””.....

7º) SOLICITUDE DE “TURISMO DE SANXENXO, SL”: BONIFICACIÓN ICIO DA LICENZA DE OBRAS Nº 010/11 PARA LEVAR A CABO A CONSERVACIÓN E MANTEMENTO DE CUBERTA E FACHADAS DUNHA EDIFICACIÓN EXISTENTE (CASA DE DON FERNANDO), SITA NA RÚA DOUTOR LALINDE DEL RÍO – PORTONOVO : O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da Comisión de Especial de Asuntos Económicos e Patrimonio de 21 de Xullo de 2011 sobre esta proposta.

O Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal Sanxenxo Agrupación Liberal, sinalou que ían votar a favor da proposta, lembrando que se trata dunha obra financiada en parte polo Concello de Sanxenxo, razón pola que estarán pendentes de saber de onde se obterán fondos para financiar a parte municipal.

A Sra. Aguíñ Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, dixo que votaran a favor da bonificación, esperando que esta obra tan necesaria se faga o mais rápido posible.

O Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do BNG, manifestou en primeiro lugar que estaban de acordo coa exención, xa que se trataba dunha obra pública a realizar por unha empresa maioritariamente municipal, pero lembrou que contaba cunha subvención do Grupo de Acción Costeira de, aproximadamente, 175.000 €, que supoñían o 46% do custo da obra, mentres que a empresa municipal tiña que aportar o 54% do importe, sobre 280.000 € e que xa se incumpriron prazos de execución, estando agora cunha nova prórroga que finaliza o 30 de outubro, non constando nesta data a adxudicación da obra, razón pola que, ou se busca unha solución inmediata aos problemas de financiamento, ou ve difícil que se poida realizar a obra, agás que se poida conseguir outra prórroga mais.

O Sr. Rodriguez Lorenzo, voceiro do Grupo Mixto, especificou que no punto da orde do día figuraba a exención dun tributo municipal e a esa proposta ía votar favorablemente, independentemente da execución da obra, que tamén esixirá.

A Sra. Alcaldesa sinalou que o goberno municipal era o maior interesado en poder facer a obra dentro dos prazos marcados e por elo estaban traballando en solucionar os problemas que o dificultan.

Finalizado o debate, a Sra. Presidenta someteu a proposta a votación que foi aprobada pola unanimidade dos membros da Corporación presentes e, en consecuencia, o Pleno da Corporación adoptou o seguinte acordo :

“”””Outorgar unha bonificación do 95 % na cota do I.C.I.O. a “Turismo de Sanxenxo, S.L.”, liquidación nº 241/11, polo que quedaría un importe de TRESCENTOS TRINTA E CINCO Euros CON CATORCE Céntimos (335,14 €)””””:------

B) ACTIVIDADE DO CONTROL DO PLENO:

8º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DOS ESCRITOS DE ACEPTACIÓN AO RÉXIME DE DEDICACIÓNS EXCLUSIVAS E PARCIAIS DOS/AS CONCELEIROS/AS QUE DESEMPEÑAN OS CARGOS RETRIBUÍDOS POR ESE CONCEPTO : O Sr. **Secretario** dá lectura aos escritos dos/as concelleiros/as deste concello, todos de data 27 de xuño de 2011, de aceptación do réxime de dedicación exclusiva ou parcial das concellerías delegadas retribuídas por estes conceptos e que, a continuación, se relacionan:

-Escrito rexistrado de entrada no concello, co número 4419, o 27 de xuño de 2011, do concelleiro **D. José - Luís Rodríguez Lorenzo**, aceptando o réxime de dedicación exclusiva co que está retribuída a concellería de **“Servizos Xerais e Medio Ambiente”**.

-Escrito rexistrado de entrada no concello, co número 4429, o 27 de xuño de 2011, do concelleiro **Dª.Constantino Sanmartín Quiñones**, aceptando o réxime de dedicación parcial co que está retribuída a concellería de **“Infraestrutura e Obras”**.

-Escrito rexistrado de entrada no concello, co número 4431, o 27 de xuño de 2011, da concelleira **Dª.María Isabel González Domínguez**, aceptando o réxime de dedicación parcial co que está retribuída a concellería de **“Benestar Social, Xuventude e Deportes”**.

-Escrito rexistrado de entrada no concello, co número 4432, o 27 de xuño de 2011, da concelleira e Alcaldesa **Dª Catalina González Bea**, aceptando o réxime de dedicación exclusiva co que está retribuída a **“Alcaldía”**.

-Escrito rexistrado de entrada no concello, co número 4433, o 27 de xuño de 2011, do concelleiro **Dª. Salvador Durán Bermúdez**, aceptando o réxime de dedicación parcial co que está retribuída a concellería de **“Persoal e Seguridade Cidadá”**.

-Escrito rexistrado de entrada no concello, co número 4434, o 27 de xuño de 2011, da concelleira **Dª.María Deza Martínez**, aceptando o réxime de dedicación exclusiva co que está retribuída a concellería de **“Urbanismo”**.

-Escrito rexistrado de entrada no concello, co número 4435, o 27 de xuño de 2011, da concelleira **Dª. Almudena Aguíñ Fernández**, aceptando o réxime de dedicación exclusiva co que está retribuída a concellería de **“Turismo”**.

-Escrito rexistrado de entrada no concello, co número 4436, o 27 de xuño de 2011, do concelleiro **Dª. Marcos Guisasola Padín**, aceptando o réxime de dedicación parcial co que está retribuída a concellería de **“Economía, Emprego e Comercio”**.

O Pleno da Corporación Municipal de Sanxenxo quedou enterado dos escritos anteriormente relacionados.-----

9º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DOS ESCRITOS DOS/AS VOCEIROS/AS DOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS NO CONCELLO DESIGNANDO AOS REPRESENTANTES NAS COMISIÓNS INFORMATIVAS : O Sr. **Secretario** dá lectura aos escritos dos/as voceiros/as dos grupos políticos deste concello designando aos representantes nas Comisións Informativas e que, a continuación, se transcriben:

-Escrito rexistrado de entrada no concello, co número 4606, o 05 de xullo de 2011, presentado polo **Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo :**

“””””Dna. Dulcinea Aguín Pombo, voceira do PSdeG-PSOE do Concello de Sanxenxo en relación a composición das comisións informativas

Comisión de Urbanismo

Titular : Mª Dulcinea Aguín Pombo.

Suplente : José Buezas Méndez

Comisión de Contas

Titular : Mª Dulcinea Aguín Pombo.

Suplente : José Buezas Méndez

Comisión de Asuntos Xerais

Titular : Mª Dulcinea Aguín Pombo.

Suplente : José Buezas Méndez”””””.

-Escrito rexistrado de entrada no concello, co número 4730, o 11 de xullo de 2011, presentado polo **Grupo Municipal Popular :**

“””””Dª. María Deza Martínez, con D.N.I. 76.822.366-c, en calidade de portavoz do grupo municipal popular no Concello de Sanxenxo

EXPÓN

Que na sesión plenaria extraordinaria do Concello de Sanxenxo celebrada o día 27 de xuño de 2011, foi aprobada a conformación das comisións municipais de Urbanismo, Asuntos xerais e Asuntos Económicos. Atendendo á representación que ao partido que represento lle corresponde en cada unha delas, realizo a seguinte

PROPOSTA

Nomear como representante do Grupo Municipal Popular na Comisión de Urbanismo a María Deza Martínez, na comisión de Asuntos Económicos a D. Marcos Guisasola Padín e na Comisión de Asuntos Xerais a D. Salvador Durán Bermúdez”””””.

-Escrito rexistrado de entrada no concello, co número 4778, o 12 de xullo de 2011, presentado por **Sanxenxo Agrupación Liberal :**

“””Gonzalo Gonzalo Pita como Portavoz de S.A.L. (Sanxenxo Agrupación Liberal) y por medio del presente escrito, comunica al Sr Secretario del Ilmo Concello de Sanxenxo la designación de los representantes de nuestra agrupación que asistirán a las Comisión informativas propuestas :

Para la comisión informativa de contas, asuntos económicos e patrimonio designamos como representante a M^a Cruz Barbeito Barreiro y suplentes a Gonzalo Gonzalo Pita y Francisco Villaverde Otero.

Para la comisión informativa de urbanismo, designamos a Francisco Villaverde Otero y como suplentes a Gonzalo Gonzalo Pita y M^a Cruz Barbeito Barreiro.

Para la comisión informativa de asuntos generales, a Gonzalo Gonzalo Pita y como suplentes a M^a Cruz Barbeito Barreiro y Francisco Villaverde Otero””””.

-Escrito rexistrado de entrada no concello, co número 4792, o 13 de xullo de 2011, presentado polo **Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego** :

“”””O Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, comunícalle a vostede a asignación do concelleiro e concelleira ás diferentes Comisións Informativas, conforme co acordo adoptado plo Pleno da Corporación Municipal celebrado o 27 de Xuño de 2.011, do seguinte xeito :

- **Comisión de URBANISMO:**

Titular : David Otero Domínguez.
Suplente : Sandra Fernández Agraso.

- **Comisión de ASUNTOS XERAIS:**

Titular : David Otero Domínguez.
Suplente : Sandra Fernández Agraso.

- **Comisión de ESPECIAL DE CONTAS, ASUNTOS ECONÓMICOS E PATRIMONIO:**

Titular : David Otero Domínguez.
Suplente : Sandra Fernández Agraso”””””.

-Escrito rexistrado de entrada no concello, co número 4793, o 13 de xullo de 2011, presentado polo **Grupo Municipal Mixto:**

“”””**D. JOSÉ-LUÍS RODRÍGUEZ LORENZO, VOCEIRO E REPRESENTANTE DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO, NO CONCELLO DE SANXENXO EN RELACIÓN COA COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS MANIFESTO QUE D. JOSÉ-LUÍS RODRÍGUEZ LORENZO SERÁ O TITULAR DA COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, DA COMISIÓN DE ASUNTOS XERAIS E DA COMISIÓN DE CONTAS, ASUNTOS ECONÓMICOS E PATRIMONIO”””””.**

O Pleno da Corporación Municipal de Sanxenxo quedou enterado dos escritos anteriormente transcritos.-----

10º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DO 29 DE XUÑO DE 2011 DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS NO 1º TENENTE DE ALCALDE : O Sr. Secretario dá lectura ao seguinte decreto da **Alcaldía:**

“””De conformidade co disposto no artigo 23 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e nos artigos 43 a 45 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aprobou o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais **RESOLVO:**

PRIMEIRO: delegar en favor do 1º tenente de alcalde, **D. Salvador Durán Bermúdez** a sinatura dos vistos e prace á firma do secretario nas certificacións de empadramento e dos datos dos padróns municipais de IBI, Urbana-Rústica, IAE, IVTM e taxas municipais.

SEGUNDO: a alcaldía, en calquera momento, poderá asumir as atribucións delegadas nesta Resolución sen prexuízo de súa avocación conforme a lexislación de procedemento administrativo común.

TERCEIRO: esta delegación require para a súa efectividade a aceptación por parte do seu destinatario, entendéndose aceptada tacitamente se no prazo de tres días hábiles contados desde a notificación da resolución, o destinatario da delegación non fixera constar expresamente ante a alcaldía a non aceptación da delegación.

CUARTO: da presente resolución darase conta ao Pleno na primeira sesión que realice, notificándose, ademais, persoalmente aos designados, e se publicará no "Boletín Oficial da Provincia", sen prexuízo de súa efectividade dende o día seguinte ao da súa sinatura””””.

O Pleno da Corporación Municipal de Sanxenxo quedou enterado da resolución da **Alcaldía** anteriormente transcrita.-----

11º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DO 7 DE XULLO DE 2011 POLA QUE SE FIXA A DATA DE CELEBRACIÓN DA SESIÓNS ORDINARIAS DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS : O Sr. Secretario dá lectura ao seguinte decreto da **Alcaldía:**

“””O artigo 16.4 do Regulamento Orgánico Municipal establece que será competencia da Alcaldía fixar a data de celebración das sesións ordinarias das Comisións Informativas. Tendo en conta a data de celebración da sesións ordinarias do Pleno, esta alcaldía **RESOLVE:**

PRIMEIRO: as sesións ordinarias das comisións informativas do concello realizaranse os xoves inmediatamente anteriores aos luns nos que se realicen as sesións ordinarias do pleno co seguinte horario:

- Comisión de Urbanismo ás 10 horas e 30 minutos.
- Comisión de Asuntos Xerais ás 11 horas.
- Comisión de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio ás 11 horas e 30 minutos.

No caso da existencia de un ou varios días festivos no período comprendido entre o propio día de realización das comisións e o inmediatamente hábil anterior ao da data de realización da sesión ordinaria do pleno, a data de realización das comisións informativas, co mesmo horario antes transcrito, adiantarase tantos días como festivos existan nese período a efectos de manter dous días hábiles intermedios entre a data de realización das comisións e a do pleno.

No suposto de modificación da data de realización das sesións ordinarias do pleno as comisións, co mesmo horario antes transcrito, realizarán as sesións ordinarias na última data que permita manter dous días hábiles intermedios entre a data de realización das comisións e a do pleno, agás que o día resultante deste cómputo sexa sábado, caso no que se adianta a data de realización das comisións ao venres.

SEGUNDO: dese conta desta resolución ao Concello Pleno na primeira sesión ordinaria que realice”””””.

O Pleno da Corporación Municipal de Sanxenxo quedou enterado da resolución da **Alcaldía** anteriormente transcribida.-----

12º) DACIÓN CONTA DOS INFORMES DA INTERVENCIÓN XERAL CUMPRINDO OS ARTICULOS 4 E 5 DA LEI 15/2010, SEGUNDO TRIMESTRE DE 2011 : O Sr. Secretario dá conta do informe da **Intervención Xeral do Concello de Sanxenxo**, de data 18 de xullo de 2011, que, a continuación, se transcribe:

“”””ASUNTO: Cumplimiento de las obligaciones legales de los artículos 4 y 5 de la Ley 15/2010, de fecha 5 de julio (BOE de fecha 6 de julio de 2010, número 163).

I.-Diligencia preliminar: El presente informe se realiza en lengua castellana o española, dado que así ha sido requerido por el Ministerio de Economía y Hacienda (ente público al que se debe enviar, entre otros, esta documentación), en su escrito de fecha 11 de noviembre de 2.010.

Se ha dado debido cumplimiento al escrito remitido por el Ministerio de Economía y Hacienda, Secretaría de Estado de Hacienda y Presupuestos. Dirección General de Coordinación Financiera don las Comunidades Autónomas y las Entidades Locales en fecha del 16 de junio de 2.011 (número de entrada: 4117).

En dicho escrito se plantea un modelo estándar para la remisión de los informes de los artículos 4 y 5 que serán los que se cumplimenten de ahora en adelante, siendo esta primera entrega referida al segundo trimestre de 2.011.

No obstante mantienen su validez las tres entregas previas, ya efectuadas y tramitadas.

II.-Antecedentes: Producida la entrada en vigor de la Ley 15/2010, con fecha del 7 de julio de 2.010, se ha producido a cumplir la primera, segunda y tercera remisión relativa tanto al informe trimestral del artículo 4 como del artículo 5.

Posteriormente se remitió los informes con sus antecedentes documentales, y a los efectos legalmente previstos, al Ministerio de Economía y Hacienda (Dirección General de Coordinación con las Haciendas Territoriales) y a la Dirección General de Política Financiera y Tesorero de la Consejería de Hacienda de la Xunta de Galicia. Ambos organismos han remitido recibí de los susodichos documentos, si bien en el caso del Ministerio de Economía y Hacienda se tuvo que proceder a determinadas rectificaciones. Fe de todo ello consta en el expediente.

De la primera y segunda entregas de estos informes se dio debida cuenta al Pleno de la Corporación, conforme consta en los antecedentes documentales.

Procede pues por el presente proceder a evacuar el informe trimestral referido al 30 de junio de 2.011 (segundo trimestre del año) que se regula en el artículo 5 de la mencionada Ley.

Los datos están cerrados a fecha del 30 de junio de 2011.

LOS ANEXOS E INFORMES REFERIDOS SUBSUMEN LOS INFORMES Y REQUERIMIENTOS MENSUALES DEL ARTÍCULO 5º DE LA LEY 15/2010.

A partir de la fecha los requerimientos e informes se deberán efectuar con puntualidad, por lo que han girado las debidas instrucciones para que se efectúen a partir de la fecha, el día 30 de cada mes y de cada trimestre, respectivamente, a partir del día 1 de julio de 2.011, con la siguiente secuencia:

a) Requerimientos del artículo 5º: día 30 de cada mes, comenzando por el día 31 de julio, y así cada mes sucesivo.

b) Informes trimestrales: día 30 de junio de 2011, 30 de septiembre, 31 de diciembre, 31 de marzo de 2012 y así sucesivamente.

III.-NORMATIVA APLICABLE:

Artículo 5. Registro de facturas en las Administraciones locales:

“1. La Entidad local dispondrá de un registro de todas las facturas y demás documentos emitidos por los contratistas a efectos de justificar las prestaciones realizadas por los mismos, cuya gestión corresponderá a la Intervención u órgano de la Entidad local que tenga atribuida la función de contabilidad.

2. Cualquier factura o documento justificativo emitido por los contratistas a cargo de la Entidad local, deberá ser objeto de anotación en el registro indicado en el apartado anterior con carácter previo a su remisión al órgano responsable de la obligación económica.

